

## INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS

1. Só se pode presentar **unha** única **solicitud** no centro no que solicite en primeiro lugar. A presentación de solicitudes en máis dun centro determinará a perda dos dereitos de prioridade que lle correspondan.

2. O alumnado matriculado neste curso 2016-2017, ten garantida a permanencia no centro ata o remate da Educación Primaria, polo que **non ten que volver a formalizar matrícula**. Non obstante, debe manifestar expresamente mediante escrito dirixido á dirección do centro:

A necesidade de utilizar o servizo complementario de **transporte**, durante o **mes de abril**, segundo o artigo 6 e a disposición adicional segunda da Orde do 12 de marzo de 2013, modificados mediante corrección de erros publicada no DOG do 24 de abril de 2013.

A petición de cambio na opción elixida durante este curso de Relixión ou Valores sociais e cívicos.

Os cambios de domicilio e/ou de teléfono.

De solicitar outro centro distinto para o seguinte ano académico, deberá comunicárnolo, ao mesmo tempo, entregando en secretaría unha copia da solicitud.

3. O alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitud noutro distinto deberá comunicar por escrito a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitud de admisión.

4. Este centro está adscrito aos IES de Pontepedriña e Sar.

5. As áreas limítrofes son as dos centros: Lamas de Abade, Cardeal Quiroga Palacios, Pío XII, López Ferreiro, Apóstolo Santiago e Monte dos Postes.

6. Servizos que oferta o centro:

- **TRANSPORTE** escolar gratuito da Consellería de Cultura, Educación e O.U., con acompañante.

Normas de aplicación:

- a) Artigo 6 da Orde 12 de marzo de 2013.

Non terá dereito ao servizo de transporte o alumnado que solicite e obteña praza nun centro distinto ao que lle corresponde por zona de influencia (Excepcionalmente terán dereito as irmás e irmáns do alumnado xa escolarizado con carácter forzoso)

- b) Punto 2 da disposición adicional segunda da mesma orde mencionada: O alumnado que non teña que formalizar matrícula, debe solicitar ao centro o servizo de transporte, por escrito, ao longo do mes de abril.

- c) Decreto 203/1986: Terá dereito ao servizo de transporte o alumnado que teña o seu domicilio a unha distancia do centro superior aos dous Km.

d) As solicitudes de uso excepcional realizaranse anualmente a través de dirección e, de ser concedidas, serán para cada curso escolar, sempre que non sexa preciso asignar as prazas ao novo alumnado con dereito preferente. O feito de obter praza non lle outorga ao beneficiario dereito ningún no futuro. Lémbrolle que é autorización temporal e está condicionada á existencia de prazas libres na ruta correspondente. No caso de cubrirse ditas prazas por alumnos con dereito a este servizo, aplicarase a orde de prelación determinada no punto 6º da instrución 3/2012 da Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Educación que di:

-Terá dereito en 1º lugar o alumno **cuxo domicilio** estea situado a unha distancia inferior a 2km. e **superior a 1 km.** en zona urbanizada e 500m en zona non urbanizada (con prioridade, á súa vez, dos menores sobre os maiores)

-En 2º lugar o alumnado escolarizado en centro distinto do que lle corresponde por área de influencia

-Cando a prelación non poida establecerse conforme ao criterio anterior, porque o número de solicitantes pertencentes ao mesmo grupo exceda do número de prazas, formularase unha proposta e enviarase a Xefatura Territorial, quen tomará as medidas oportunas.

- **SERVIZO DE MADRUGADORES** de 7:30 a 9:00 (Xestionado polo Concello de Santiago)
- **SERVIZO DE XANTAR** de 14:00 a 16:30 (Xestionado polo Concello de Santiago)  
Lembren que os servizos de madrugadores e xantar deben solicitalos na Concellaria de Educación do Concello de Santiago, cando saia a convocatoria correspondente.
- **ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES** de 16:30 a 18:30 (xestionadas pola ANPA)